


LETRAS DE VERÁN

RECOMENDACIÓNS DA BIBLIOTECA ESCOLAR


CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

PARA @S PEQUEN@S



Divertidas rimas de números para contar do un ao vinte, do dereito e do revés. Porque contar e cantar todo é comezar.

As crianzas encontran a miúdo a forma máis divertida de afrontar as tarefas cotiás, aínda que non sexa sempre a máis recomendable.



Que ocorre despois de que o canto do galo esperta os animais?



Un lobiño con frío, un paxariño cagón, un ratiño artista... unha marabilla de fraga!



Durante unha excursión, Antia coñece uns ratiños científicos que lle explican como funcionan o cerebro e o sistema nervioso.

Ovidio Lema, preséntase ás eleccións polo PAI: pretende acabar cos gatos da rúa. Catarina pónse a traballar pola súa conta para boicotear a campaña.



Cando miras para as plantas e as árbores seguramente dirás: moi bonitas, pero un pouquiño aburridas.



Un libro no que descubrirás todo tipo de datos sobre alimentación saudable e todo o relacionado co teu estómago, intestinos e caca.


PARA @S MEDIAN@S

PARA @S GRANDES




A noite na que Ronja, a filla do bandoleiro, veu ó mundo, houbo unha tronada tan forte sobre as montañas que o castelo de Mattis quedou dividido en dúas partes, separadas por un precipicio.


Personaxes próximos, que poderían ser calquera de nós, cos seus amores e medós. . Un traballo cheo de humor, retranca e mala uva, que nos trae sorrisos e desacougos.



Suy e Lawen son xemelgos. Suy ten alma de bolboreta e Lawen de elefante. Ou iso di a velliña Champey. A Suy parécelle imposible: el é máis forte e sempre coidou da súa irmá xemelga.



Coñece Chuck Berry, The Supremes, Los Ramones, Amy Winehouse, Kiss, Janis Joplin, Iron Maiden ou Joan Jett ...




Intelixente, rica e fermosa, Emma Woodhouse non precisa marido, pero resúltalle divertido facer de casamenteira para as súas amizades.

A premio Nóbel Annie Ernaux revisa para nós a súa experiencia do aborto vivido na clandestinidade. Unha narrativa brutal para nos facer reflexionar.



Entre o desastre e a esperanza, os seres completos - parte humana e parte árbore- e as súas aliadas tentan cambiar o rumbo dun destino que, tras a Gran Desconexión, parecía de novo encamiñado á escravitude e á explotación.



Fillas de Cassandra presentan o seu primeiro traballo, Acrópole, con músicas inspiradas na mitoloxía grega atravesadas de pandeiretas e canto tradicional

PARA @S MÁIS GRANDES